Katherinie Varela Fernández

ilusión

Compromiso

Katy

Programa electoral

28 de maio de 2023

e futuro

Máis de 100 ideas para mellorar Monforte

MONFORTE DE LEMOS

ppdemonfortedelemos@gmail.com

https://ppdemonforte.com/

Twitter: @PPdeMonforte

Facebook: @PPdeMonforte

Monforte con #Futuro

Ola, son **Katy Varela**, a presidenta do **PP de Monforte** e **candidata á alcaldía**, preséntome cun equipo **humilde, comprometido, con ilusión e alta capacidade de traballo,** que busca mellorar a calidade de vida de **todos os habitantes** do noso concello.

Para iso considero fundamental:

Apoiar e mellorar:

- a relación entre o concello e a cidadanía;
- a transparencia, a optimización de recursos e a saúde;
- as comunicacións, a mobilidade e o deporte.

Reactivar e potenciar:

- a economía, o tecido empresarial e o comercio;
- o crecemento do número de habitantes;
- o turismo, a educación e a cultura.

Poñer en valor e coidar:

- o patrimonio, o medio ambiente e o medio rural;
- a atención ás persoas vulnerables, dependentes e maiores;
- a infancia, a xuventude e a familia.

Co teu voto podes entrar a formar parte do noso equipo para avanzar **entre todos** cara un **futuro mellor para Monforte**.

Katherinie Varela Fernández

https://ppdemonforte.com/

Monforte con #Compromiso +100 Ideas

Compromiso 1

Un concello comunicativo e transparente para toda a cidadanía

Compromiso 2

Benestar social, igualdade e inclusión para todas as idades e colectivos.

Compromiso 3

Medio ambiente, sostibilidade e limpeza en continuo coidado

Compromiso 4

Economía, comercio local, empresas e rural apoiados e potenciados

Compromiso 5

Turismo, cultura e educación promocionados e dixitalizados

Compromiso 6

Urbanismo, mobilidade e redes modernizados en todos os lugares.

Compromiso 7

Zonas deportivas e de descanso ampliadas e renovadas

1 | Un concello comunicativo e transparente para toda a cidadanía

Katy Varela

#MonforteconFuturo

#EntreTodos

PP MONFORTE DE LEMOS

Compromisos:

Xestión transparente e mellora da comunicación

- Creación dunha **oficina de asesoramento ao cidadán** sobre xestión de trámites con calquera administración pública.
- Revisión dos trámites administrativos municipais **simplificando a burocracia** existente.
- Mellora da **comunicación** entre o concello e a cidadanía mediante a creación dun boletín informativo dixital.
- Promoción da **participación da poboación na vida municipal** abrindo canles de recollida de suxestións e incidencias.
- **Incremento e mellora das axudas** para as asociación veciñais e parroquias, con más apoio nas actividades culturais.
- Mellora da **transparencia** na xestión de servizos coa elaboración e seguimento de Plans de Acción de todas as concellerías.
- Mellora da **xestión** e uso dos edificios públicos que incluirá unha actualización e dixitalización do inventario.
- **Optimización dos recursos e do diñeiro público** participando nos plans da Xunta que inclúan apoio económico.
- Creación dun manual de identidade corporativa que identifique ao noso concello e aporte una imaxe atractiva, competitiva, actual e moderna: **"Marca Monforte"**.

2 Benestar social, igualdade e inclusión para todas as idades e colectivos

Katy Varela

#MonforteconFuturo

#EntreTodos

MONFORTE DE LEMOS

Compromisos:

Benestar social, igualdade e dependencia con máis prazas e espazos

- **Mellora do servizo de axuda a domicilio a través da xestión directa por parte do concello.**
- **Construción da Cidade Sanitaria:** Estudo da construción dun novo Centro de Saúde nunha zona ampla próxima ao Hospital con suficientes aparcamentos que dea servizo a todo o concello.
- Colaboración de forma continuada co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para **aumentar e mellorar a atención** dos usuarios a través das distintas convocatorias.
- Novo lugar e ampliación do **Centro de Día** actual a unha zona con máis espazo exterior que o faga máis confortable e humano.
- Creación dun **Plan de Inclusión** para persoas en risco que complete as aportacións da Xunta de Galicia, incorporando novas iniciativas e mellorando a colaboración coas asociacións que atendan a estes colectivos.
- **Sinalización inclusiva** nos edificios de titularidade municipal.
- Incorporación de **novos programas de coidados** e de atención aos coidadores.

Conciliación familiar, corresponsabilidade, infancia e xuventude con novos programas

- **Creación dunha Unidade de Atención Temperá.**
- Implantación dun "**Programa de Conciliación e de Corresponsabilidade Familiar**" adaptado aos horarios laborais e escolares. Este plan incluirá:
  - creación de **"Espazos de Conciliación",**
  - oferta de **bolsas de coidados no fogar,**
  - participación no programa autonómico **"Corresponsables".**
- **Ampliación das prazas da gardería municipal**.
- Promoción da "**Oficina Municipal de Información Xuvenil**" (OMIX) achegándoa aos centros educativos monfortinos.

3 Medio ambiente, sostibilidade e limpeza en continuo coidado

Katy Varela

#MonforteconFuturo

#EntreTodos

PP MONFORTE DE LEMOS

Compromisos:

Plan Integral da Auga

- **Mellora do saneamento e abastecemento, poñendo especial atención nos barrios e parroquias onde existen deficiencias.**
- Revisión do estado das **augas fluviais**.
- Revisión das actuacións de **control de calidade da auga**.
- Control de consumos e **revisión de prezos para institucións**.
- Sensibilización sobre o mantemento da **limpeza nas zonas públicas** e o reciclaxe.
- **Recollida do lixo máis eficaz**, asegurando que chegue a todos os lugares del concello, incidindo na **zona rural**.
- Creación de incentivos para **incrementar a reciclaxe** e a recollida selectiva.
- Ampliación do número de **papeleiras**.
- Buscar un novo espazo para o **Punto Limpo**.
- Eliminación de **vertedoiros** incontrolados.
- Impulso de **campañas de concienciación** da limpeza de espazos públicos.
- Instalación de **aseos públicos**.

Aposta pola sostibilidade e o coidado do medio ambiente e dos animais.

- Creación dun **parque canino**.
- Fomento da instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos.
- Revisión da **eficiencia enerxética dos edificios municipais**.
- Mellora do **desbroce de fincas** e camiños para **previr incendios** forestais. Colaboración coa Consellería de Medio Rural nos programas de prevención e limpeza.
- Maior coidado de parques e xardíns. **Acondicionamento do monte de San Vicente.**
- Mellora do **servizo de recollida de animais**.
- **Control de pragas** e de plantas invasoras.

4 Economía, comercio local, empresas e rural apoiados e potenciados

Katy Varela

#MonforteconFuturo

#EntreTodos

PP MONFORTE DE LEMOS

Compromisos:

Impulso á economía e ao entorno laboral

- **Finalización dos accesos á Terminal Intermodal do Morín (Porto Seco).**
- Colaboración coa "Consellería de Economía, Industria e Innovación" para **atraer novas empresas.**
- Desenvolvemento de **incentivos** para favorecer o asentamento e a creación de empresas auxiliares.
- Flexibilización da ocupación da vía pública en épocas festivas para o **sector hostaleiro**.
- Axudas á **hostaleira** en épocas de baixa afluencia turística para poder manter a calidade e a oferta do servizo.
- Colaboración coa "Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade" a través do **Polo de Emprendemento** situado en Monforte para o **fomento do emprego**.
- Regularización e adecuación de zonas industriais.
- Impulso do **comercio local** e dos situados na Praza de Abastos.
- Organización de feiras artesanais, de degustación e de produtos autóctonos periodicamente.

Fiscalidade reducida

- Exención da plusvalía municipal.
- Rebaixa do IBI.
- Exención do IAE.
- Bonificacións na creación de empresas.

5 Turismo, cultura e educación promocionados e dixitalizados

Katy Varela

#MonforteconFuturo

#EntreTodos

PP MONFORTE DE LEMOS

Compromisos:

Impulso ao Turismo

- **Xestión do turismo de xeito directo** polo concello.
- Situación da **oficina nas Casiñas da Compañía**.
- **Creación da Mesa Sectorial do Turismo**.
- Mellora da comunicación e da **sinalización turística**.
- Colaboración cos establecementos turísticos para mellorar a **calidade dos servizos**.
- Creación e divulgación de visitas e **rutas adaptadas**.
- Promoción da formación de **persoal acreditado** como guías turísticos.
- Consolidación das **festas** existentes e incorporación doutras novas.
- Impulso do **Camiño de Inverno**, das infraestruturas e dos servizos vinculados, apoiando á asociación do mesmo nome.
- Apoio en todos os actos públicos da candidatura da Ribeira Sacra a **Patrimonio da Humanidade** poñendo o foco de atención na capitalidade de Monforte.

Cultura e educación para todas as idades

- Creación do programa **“4x12 eventos”** con actividades cada fin de semana.

- Posta en valor do **Patrimonio histórico, natural, cultural e artístico da zona** creando un plan de recollida de información e de divulgación.
- Difusión da **historia de Monforte o os seus personaxes** relevantes mediante a creación de actividades que propicien a investigación e recoñecemento público de súa vida e obra.
- Impulso das **agrupacións artísticas**: grupos de bailes, corais, bandas de música, banda de gaitas…, colaborando coas actividades que desenvolvan.
- Apoio e colaboración coas actividades culturais dos **centros educativos.**
- Promoción das actividades **STEAM** en locais municipais, impulsando a súa realización. Creación dun **centro MAKER.**
- Mellora da xestión das **instalacións culturais** de titularidade municipal, con horarios de atención ao público adaptados ás necesidades dos usuarios.
- **Biblioteca Municipal:** apertura os sábados pola tarde, nas vacacións escolares e época de exames. Dotación de libros e outros materiais en coordinación cos centros monfortinos.
- **Conservatorio Municipal:** apoio á matriculación de novo alumnado creando becas ou descontos e dotación axeitada. Divulgación da súa oferta educativa.

- **Aula CeMIT:** incorporación de novos cursos á aula que cubran a necesidade de formación de persoas de todas as idades poñéndoa ao servizo dos monfortinos.
- Impulso da **dixitalización da cidadanía** promovendo cursos de formación.
- Colaboración coas **asociacións culturais** de Monforte nas actividades que desenvolvan participando na súa divulgación e promoción.
- Apoio ao **cine, ao teatro** e a outros **eventos culturais** con colaboracións e descontos.
- Estudo da creación de dos **novos museos** vinculados á historia de Monforte e a súa comarca en colaboración coas entidades implicadas nestas temáticas, empresas e fundacións:
    - Museo da Historia da Educación.
    - Museo do Curtido e a Zapatería.
- Creación da **"Tarxeta Museo"** que dea acceso a todos eles.



6 Urbanismo, mobilidade e redes modernizados en todos os lugares

Katy Varela

#MonforteconFuturo

#EntreTodos

PP MONFORTE DE LEMOS

Compromisos:

Reordenación e actualización da mobilidade, das comunicacións e do territorio

- Revisión da mobilidade, **mellorando a accesibilidade** e sinalización inclusiva nas zonas peonís e lugares de ocio.
- Reorganización da circulación abrindo novos de tramos de rúas:
  - Construción dunha **nova ponte na zona de Aceña Nova.**
  - Apertura R/ Lois Pereiro cara a Ponte de Os Picos.
- **Acceso ao polígono** pola N120.
- **Completar a ronda urbana** desde a N120a á Pinguela.
- Creación dun novo **aparcamento** no centro e revisión dos existentes.
- Mellora do servizo de **transporte público** das zonas periurbanas.
- **Acondicionamento de paseos de**:
  - Ribasaltas pola beira do río (marxe dereita).
  - Paseo de Cobas (continuar ata a parroquia de Piñeira).
- Mellora da sinalización dos **accesos a Monforte** con beirarrúas e/o sendas peonís nas marxes, iluminación sostible, zonas verdes…, por:
  - a rúa Chantada LU-617
  - estrada do Morín (LU-546) arranxo das beirarrúas
  - rúa Orense (N120a)
  - rúa Valle Inclán

  - estrada de Piñeira
  - estrada de Currelos LU-P-3202
  - entrada de A Florida LU-933
- Rehabilitación do **casco histórico** mediante a colaboración con outras administracións (plan Rexurbe, Xunta de Galicia).
- Aprobación dun novo **Plan Xeral de Ordenación Municipal**.
- Mellora da **cobertura de rede e de radio** no casco urbano e no rural.
- Mellora das instalacións do **Campo da Feira** optimizando o seu uso.
- **Plan para embelecer** que inclúa harmonización do color das fachadas e ocultación do cableado.
- Ampliación de **zonas seguras** optimizando o sistema de vídeovixiancia a zonas de paseo e afastados do centro.
- Revisión dos puntos de **iluminación no rural**.
- Creación do proxecto **"Camiño escolar seguro"** con revisión das zonas de entrada/saída aos centros educativos e regulación do tráfico.

7 Zonas deportivas e de descanso ampliadas e renovadas

Katy Varela

#MonforteconFuturo

#EntreTodos

PP MONFORTE DE LEMOS

Compromisos:

Universalización do deporte

- **Creación da Cidade Deportiva de Monforte:**
  - Construción dun **novo pavillón deportivo**.
  - Construción de **canchas de voleibol praia**.
  - Creación dun centro de **alto rendemento para piragüismo**.
  - Rehabilitación de **instalacións deportivas**:
    - pistas de atletismo
    - piscina municipal
    - pista de tenis
- Fomento do **deporte non federado**.
- Uso de instalacións a **clubs federados a coste cero** e ocupación das horas libres con usuarios non federados a prezos populares.
- **Aumento do presuposto** dedicado ao deporte, cun reparto equitativo ás asociacións e clubs.

Ampliación das zonas de baño, lecer e paseo

- Deseño dun proxecto de **rehabilitación de zonas de baño** que conecte un paseo ao longo do río e **unha ou máis praias fluviais**.
- Fomento do uso da bicicleta e do **cicloturismo** con adaptación de rutas deseñadas para ese fin.
- Revisión e mellora das **rutas a pé** xa existentes (metrominuto, rutas culturais, rutas verdes…), actualización dos mapas e incorporación doutras novas.
- Modernización de parques con **novas posibilidades deportivas**:
    - parkour
    - pista de monopatín
    - petanca (federación galega de deporte autóctono)
    - chave (federación galega de deporte autóctono)
    - billarda (federación galega de deporte autóctono)
    - outros (vólei praia)
- Revisión/substitución de aparatos existentes nos parques **biosaudables**. Campaña de fomento de uso destes elementos.

1. **Katherinie Varela Fernández (Katy)**
2. José Luís Rodríguez Varela
3. María Luisa Vázquez López
4. Víctor Manuel Rodríguez López
5. Emilio Iván Vázquez Rodríguez
6. José Manuel Rodríguez Gómez
7. María Luz Vázquez Rodríguez
8. José Vicente Aparici Bolufer
9. María del Carmen Pérez Álvarez
10. María Jesús Casado Barrio
11. Juliana Ribeiro Escobar
12. Rodrigo Antonio Coucheiro Limeres
13. María José Lousada Touriño
14. Manuel Pedro Pérez López
15. María Ellen Carnero Gómez.
16. José Rodríguez Liñares
17. Lorena López López

SUPLENTES

1. Paula Eiriz Blanco
2. Antonio Varela Álvarez
3. Manuel Conde González
4. Consuelo Losada Rodríguez
5. Adrián López Barreiro
6. Ana María Díaz Novoa